



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Axencia Galega de Innovación (GAIN) publicará nos vindeiros días a **terceira edición do PROGRAMA CONECTA PEME**, a convocatoria que apoia a realización de proxectos de Investigación e Innovación orientados ao mercado, desenvolvidos por agrupacións de empresas en cooperación con outros axentes do Sistema Galego de Innovación e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 de Galicia.

A dotación orzamentaria desta convocatoria ascende a **25 millóns de euros**, cantidade coa que se prevé cofinanciar arredor de **50 proxectos en catro modalidades: investigación industrial, desenvolvemento experimental, innovación en materia organizativa e innovación en procesos**. A modalidade de financiamento é a subvención a fondo perdido e a intensidade da axuda oscila entre o 15 e o 80% dos custos subvencionables en función da modalidade de proxecto e do tamaño da empresa.

As principais novidades desta edición van encamiñadas a **simplificar a convocatoria e facilitar a participación das empresas**. En concreto, introdúcese a posibilidade de realizar cambios durante a vida do proxecto; simplifícase a xustificación das subcontratacións; as penalizacións por incumprimento aplícanse de xeito individual; permítese solicitar unha redistribución do orzamento entre anualidades ata un límite do 20%; e simplifícase a xustificación dos custos de persoal.

Ademais, modifícase o **orzamento mínimo** do proxecto que agora é de **500.000 euros**, podendo presentarse proxectos cuxo orzamento oscile entre os 0,5 e 1,5 millóns de euros; introduciuse

unha nova modalidade de proxecto subvencionable, de **innovación en materia organizativa e de procesos**; limitouse a un **mínimo de dous** o número de empresas que deben formar o consorcio; **desaparece a obriga** de subcontratar a un **organismo de investigación** pero introdúcese como un criterio de valoración a subcontratación con estes organismos; e a **duración dos proxectos** poderá ser de entre **2 e 3 anos**.

Co obxectivo de dar a coñecer as novidades da convocatoria, así como atender as dúbidas que poidan xurdir, celebraranse unha serie de **xornadas de presentación** por toda Galicia durante o mes de decembro. Proximamente recibirás información puntual sobre as datas e lugares destas xornadas.

Esta orde está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

Agardando que esta información sexa do teu interese, despedímonos até o próximo xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando aquí . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a informa.gain@xunta.es.